

Primaria

# Lingua 3

Programación

## Unidade 14

1. Presentación da unidade
2. Obxectivos didácticos
3. Contidos da unidade/Criterios de avaliación/Estándares de aprendizaxe avaliáveis
4. Selección de evidencias para o portfolio
5. Competencias: descritores e desempeños
6. Tarefas
7. Estratexias metodolóxicas
8. Recursos
9. Ferramentas de avaliación
10. Medidas para a inclusión e atención á diversidade
11. Autoavaliación do profesorado

## 1. PRESENTACIÓN DA UNIDADE

### Título

Teatriño do sapo e a ra

### Descrición da unidade

Con moito teatro, e en verso, dialogan os protagonistas do texto que introduce esta unidade. Cunha divertida liorta verbal, o sapo e a ra da lectura presentan o xénero teatral, que se retomará máis adiante. Rifan no río, así que tanto o léxico como a ambientación da unidade teñen moito que ver con ese contorno, que remata conmemorando o Día Mundial do Ambiente e cunha proposta para poñer a proba as competencias sociais e cívicas.

Un dos principais obxectivos é que os alumnos vexan as súas novas aprendizaxes de maneira atractiva e motivadora, que gocen aprendendo.

A través das diferentes actividades propostas na unidade, preténdese que os alumnos e as alumnas adquiren e reforcen os coñecementos seguintes:

- Comprensión do sentido xeral dun texto, oral ou escrito.
- Léxico referido ao río.
- Formación de familias de palabras.
- Identificación do suxeito e o predicado na oración.
- Identificación dos sons do x e correcta escritura da grafía correspondente.
- Interpretación dun texto teatral.
- Características das obras teatrais: o diálogo.
- Aspectos culturais de alcance mundial.

### Temporalización:

Maio:     Xuño:

## 2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

- Utilizar correctamente o léxico referido ao río.
- Identificar e crear familias de palabras.
- Identificar o suxeito e o predicado na oración.
- Distinguir os sons do x e utilizalo correctamente.
- Ler e recoñecer unha obra teatral.

### 3. CONTIDOS DA UNIDADE - CRITERIOS DE AVALIACIÓN - ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Audición do texto da lectura cunha actitude favorable.</li> <li>• Lectura e comprensión dun texto teatral.</li> <li>• Adquisición de novo vocabulario referido ao río e formación de familias de palabras.</li> <li>• Estrutura da oración simple.</li> <li>• Palabras con x.</li> <li>• Dramatización de textos.</li> <li>• Características do xénero teatral: o diálogo.</li> <li>• Coñecemento dalgúns aspectos culturais de alcance mundial: o Día do Ambiente.</li> </ul>	1. escoitar textos orais en silencio, mostrando interese e respecto.	1.1. escoita textos orais atentamente.
	2. Ler un texto teatral con fluidez e comprensión.	2.1. Le un texto teatral con fluidez e corrección. 2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.
	3. Enriquecer o vocabulario con palabras referidas ao río e coñecer a formación das familias de palabras.	3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico relativo ao río e palabras novas. 3.2. Identifica e crea familias de palabras.
	4. Identificar o suxeito e o predicado como constituíntes inmediatos da oración.	4.1. Identifica o suxeito e o predicado na oración e fai a concordancia de persoa e número.
	5. Distinguir os sons do x e utilizalo correctamente.	5.1. Diferencia os dous sons do x. 5.2. Escribe correctamente palabras con x.
	6. Recitar e interpretar diante dos compañeiros, utilizando a palabra e os xestos.	6.1. Exprésase mediante a palabra e a linguaxe corporal.
	7. Ler e recoñecer unha obra teatral.	7.1. Le unha obra teatral atendendo sobre todo aos personaxes.
	8. Aprender algúns aspectos da cultura de alcance mundial.	8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.

#### 4. SELECCIÓN DE EVIDENCIAS PARA O PORTFOLIO

Os estándares de aprendizaxe mostran o grao de consecución dos criterios de avaliación desde a propia descrición e concreción do criterio. Para facilitar o seguimento do desenvolvemento de cada estándar buscaremos evidencias dos alumnos que mostren a súa evolución en cada un deles.

No anexo de avaliación propónse un portfolio de evidencias para os estándares de aprendizaxe. O cadro seguinte suxire unha selección dalgúns destas posibles evidencias. Os docentes poderán substituílas por outras que consideren máis relevantes para o desenvolvemento do seu grupo.

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF)

Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Selección de evidencias para o portfolio
1.1. escoita textos orais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD-Audio do LA.</li> </ul>
2.1. Le un texto teatral con fluidez e corrección.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li> <li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na primeira dobre páxina desta unidade da PD.</li> </ul>
2.2. Comprende o sentido global dun texto e responde cuestións de comprensión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Ficha de comprensión lectora dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
3.1. Asimila e aplica o vocabulario aprendido: léxico referido ao río e palabras novas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> </ul>
3.2. Identifica e crea familias de palabras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 1 e 2 de reforzo e actividade 1 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
4.1. Identifica o suxeito e o predicado na oración e fai a concordancia de persoa e número.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Actividade 3 reforzo e actividade 2 de ampliación dos RF.</li> <li>• Actividades propostas na PD.</li> </ul>
5.1. Diferencia os dous sons do x.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• CD-Audio do LA (ditado).</li> </ul>
5.2. Escribe correctamente palabras con x.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• CD-Audio do LA (ditado).</li> <li>• Actividade 4 de reforzo e actividade 4 de ampliación dos RF.</li> <li>• Ditado complementario da PD.</li> </ul>
6.1. Exprésase mediante a palabra e a linguaxe corporal.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.</li> </ul>
7.1. Le unha obra teatral atendendo sobre todo aos personaxes.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Proposta de aprendizaxe cooperativa na PD.</li> </ul>
8.1. Mostra interese por coñecer algúns aspectos da cultura global.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Selección de actividades do LA.</li> <li>• Suxestións metodolóxicas da PD.</li> </ul>

## 5. COMPETENCIAS: DESCRITORES E DESEMPEÑOS

Competencia	Descritor	Desempeño
<i>Comunicación lingüística.</i>	Ler, comprender e comentar textos.	Entende os textos propostos para a realización das actividades.
	Gozar coa lectura.	Desenvolve o interese cara á lectura como fonte de aprendizaxe e entretemento.
	Captar o sentido dos textos orais.	Garda silencio e desenvolve a atención necesaria para entender o sentido dun texto.
	Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.	Entende a importancia de respectar as normas gramaticais e ortográficas para unha mellor expresión.
	Expresarse oralmente e por escrito de maneira ordenada e clara.	Exprésase con corrección.
	Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.	Elabora creacións propias aplicando técnicas literarias.
	Respectar as normas de comunicación en calquera contexto.	Valora a cortesía no trato, respecta as quendas de palabra, atende o seu interlocutor...
	Manexar elementos de comunicación non verbal nas diversas situacións comunicativas.	Recita dramatizando e interpreta imaxes con xestos e voz.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	Realizar argumentacións con esquemas lóxico-matemáticos.	Aplica o razoamento dedutivo.
	Interactuar co contorno natural de maneira respectuosa.	Valora e coida o contorno ambiental. É consciente do impacto ambiental que poden ter determinados comportamentos e das repercusións para a vida futura.

<i>Competencia dixital.</i>	Utilizar canles de comunicación audiovisual para facilitar o traballo.	Utiliza as TIC como apoio para a aprendizaxe.
	Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.	Interpreta información verbal e gráfica.
<i>Aprender a aprender.</i>	Empregar o dicionario como fonte de información.	Manexa o dicionario como apoio para a aprendizaxe e para resolver as actividades.
	Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.	Mellora a capacidade de memorización mediante o recitado e a escoita de textos poéticos. Utiliza técnicas de traballo que facilitan a aprendizaxe.
	Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes.	Realiza actividades seguindo unhas pautas.
	Aplicar estratexias para a mellora do pensamento emocional e interdependente.	Desenvolve un pensamento propio e expresa as súas ideas, proxectos e opinións de maneira razoada.
	<i>Intelixencias múltiples:</i> Desenvolve as distintas intelixencias múltiples.	Mostra iniciativa e implícase no coidado do contorno.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia.	Utiliza o diálogo como vehículo de comunicación e entendemento.
	Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.	Establece unha escala de valores con criterio propio e é consecuente con ela.
	Mostrar dispoñibilidade para a colaboración activa.	Participa con interese no coidado do patrimonio natural.
	<i>Educación en valores:</i> Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.	Valora a amizade como unha relación interpersoal básica. Valora, respecta e coida os espazos naturais.

<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	Ser constante no traballo superando as dificultades.	Mostra unha actitude responsable na realización das tarefas e interese por mellorar.
	Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.	Desenvolve a desinhibición necesaria para expresarse en voz alta e traballar en grupo, e esfórzase por superar as dificultades.
	Asumir responsabilidades e dar conta delas.	Valora a paisaxe e mostra unha actitude de compromiso en relación coa conservación do medio.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.	Goza coa poesía e co teatro, así como coa riqueza do contorno natural.
	Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural.	Mostra interese por coñecer a obra dos nosos autores máis ilustres.

## 6. TAREFAS

Libro do alumno (LA) / Proposta didáctica (PD) / Recursos fotocopiáveis (RF) / Libro dixital (LD)

### Tarefa 1: Comentario da lectura

- Escoitamos o texto da lectura no CD-Audio ou lémosllelo en voz alta aos alumnos.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas e actividades da PD, e coa ficha de comprensión lectora dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD (na primeira dobre páxina), de traballo cooperativo.

### Tarefa 2: Vocabulario

- Aprendemos o léxico referido ao río no LA e co apoio do dicionario.
- Traballamos a formación de familias de palabras.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con actividades da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 3: Gramática

- Aprendemos no LA a recoñecer o suxeito e o predicado como constituíntes inmediatos da oración.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 4: Ortografía

- Aprendemos no LA a distinguir os sons do x e a escribilo correctamente.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Escoitamos o ditado no CD-Audio.
- Completamos coas suxestións metodolóxicas e co ditado complementario da PD, e coas fichas de reforzo e ampliación dos RF.

### Tarefa 5: Expresión

- Aprendemos no LA a interpretar un texto teatral.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos coa ficha de ampliación dos RF.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

### Tarefa 6: Literatura

- Aprendemos no LA a identificar o diálogo como unha característica esencial do xénero teatral.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Realizamos outras actividades, que propón a PD, de traballo cooperativo.

### Tarefa 7: Repaso da unidade

- Realizamos as actividades de repaso da unidade do LA e do LD.
- Recompilamos as actividades para o portfolio do alumno.



**Tarefa 8:** A nosa cultura

- Aprendemos no LA aspectos culturais de alcance mundial.
- Realizamos os exercicios do LA e do LD.
- Completamos con suxestións metodolóxicas da PD.

**7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

- Deberán reforzarse as habilidades de comprensión lectora e expresión escrita, así como a recitación e a expresión oral a través dos textos que achega a unidade.
- Tendo en conta a lectura que abre a unidade e as actividades que se suxiren nos apartados de Expresión e Literatura, adquire especial importancia a desinhibición para a dramatización de textos. Por iso, aconsellamos traballar este aspecto, sobre todo con aqueles alumnos e alumnas que mostren máis dificultade á hora de expresarse diante dun público.
- Aínda que agrupar as palabras en familias léxicas non adoita ofrecer dificultade para os estudantes, cómpre asegurarse da súa correcta asimilación, de maneira que saiban diferenciar, cando cheguen á unidade 15, entre *familia léxica* e *campo semántico*.
- Para abordar a oración, recomendamos volver á unidade 3, revisar a súa definición e traballar a súa identificación. Unha vez ben asimilado o concepto, procederáse a analizar a súa estrutura, para o que resulta fundamental realizar abundante práctica.
- A expresión oral é importante para a lectura e a dramatización, pero tamén para fixar determinadas cuestións ortográficas, como ocorre nesta unidade co uso do xe, que ten unha dobre realización fonética.
- A celebración do Día Mundial do Ambiente pode abordarse a través de múltiples propostas: concurso de poemas que fomenten a conservación do medio, murais, colaxes, elaboración de paneis informativos para colocar en diversos espazos da escola, elaboración de enquisas sobre os hábitos de reciclaxe dos compañeiros e compañeiras do colexio, etc.
- E coma sempre, hai que continuar fixando hábitos de traballo e habituando ao alumnado ao manexo correcto do dicionario.

**8. RECURSOS**

Os seguintes materiais de apoio poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua:

- O CD-Audio que acompaña o libro do alumno.
- Dicionario de lingua (*Dicionario Xerais de Primaria*).
- Caderno complementario ao libro do alumno.
- Cadernos de ortografía e murais ortográficos.
- A caixa dos contos.
- Recursos fotocopiáveis da Proposta didáctica.
- Bibliografía:
  - Ana M.<sup>a</sup> Fernández: *Tres risas e unha voda*, Ed. Everest-Galicia, col. Montaña encantada.
  - Antonio Torrado: *Teatro ás tres pancadas*, Edicións Xerais, col. Merlín.

- Chus Pereiro: *Mamasiña, que medo!*, Edicións Xerais, col. Merlín.
- Paula Carballeira: *Boas noites*, Edicións Xerais, col. Biblioteca Dramática Galega.
- -----: *O refugallo*, Edicións Xerais, col. Biblioteca Dramática Galega.
- Teresa González Costa: *Pingueiras e tarteiras*, Edicións Xerais, col. Biblioteca Dramática Galega.

### Recursos dixitais

- Libro dixital: os alumnos poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- CD que acompaña á Proposta didáctica, cos recursos fotocopiáveis.
- Información de interese:
  - Pedro Brandariz Gómez: as sinerxías entre o teatro e a educación ambiental (comunicación presentada no I Congreso Internacional de Educación Ambiental dos Países Lusófonos e Galicia).  
[http://www.ceida.org/CD\\_CONGRESO\\_lus/documentacion\\_ea/comunicacions/EA\\_non\\_formal/BrandarizGomez\\_pedro.html](http://www.ceida.org/CD_CONGRESO_lus/documentacion_ea/comunicacions/EA_non_formal/BrandarizGomez_pedro.html)
  - Caderno verde: educación para un futuro sostible.  
<http://www.cadernoverde.com/index.php?r=site/index>
  - Páxina web da compañía Berrobambán:  
<http://www.berrobamban.com>

## 9. FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

- Proba de avaliación da unidade.
- Rexistro de avaliación (no anexo de avaliación).
- Avaliación do traballo competencial.

## 10. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Que dificultades e potencialidades advirto no grupo durante o desenvolvemento da unidade?
- Como vou minimizar as dificultades?
- Que necesidades individuais prevexo no desenvolvemento da unidade?
- Que recursos e estratexias manexarei para atender ás necesidades individuais?

## 11. AUTOAVALIACIÓN DO PROFESORADO

- Que porcentaxe de alumnos alcanzaron os obxectivos de aprendizaxe da unidade?
- Que é o que mellor funcionou nesta unidade?

- Que cambiaría no desenvolvemento da unidade o próximo curso? Por que?